



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame

Data: 16/10/25 14:00:07

Exposición: 16/10/25 14:00:07 a ...

Anuncio

Secretaría/Servizos sociais

Derrogación do actual Regulamento e aprobación dun novo Regulamento de funcionamento do PAI

Información:

EXP: 2025/G014/000001

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE UN PROXECTO DE ORDENANZA:

ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE LOUSAME.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, debe realizarse unha consulta pública, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- * Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- * A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- * Os obxectivos da norma.
- * As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame

Data: 16/10/25 14:00:07

Exposición: 16/10/25 14:00:07 a ...

habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, formúlase a seguinte consulta:

-- Prazo e lugar para facer chegar as opinións

-- Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados nesta consulta, durante 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio.

Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.

-- Problemas que se pretenden solucionar coa nova ordenanza.

-- Preténdese adoptar medidas para adecuar o réxime interior do P.A.I. á normativa en vigor, dando así satisfacción á cidadanía nas súas necesidades de coidado dos seus fillos

-- Necesidade e oportunidade da súa aprobación

-- Resulta de especial relevancia para este Concello acometer esta aprobación normativa dado que a



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame

Data: 16/10/25 14:00:07

Exposición: 16/10/25 14:00:07 a ...

a adaptación ás normas é unha necesidade para s óptima prestación do servizo do P.A.I. preservación do medio e dos recursos naturais son unha prioridade e redundan nunha mellora na calidade de vida de todos o veciños.

--

-- Obxectivos da norma

-- É regular a prestación do servizo do P.A.I. do municipio de Lousame mediante a regulación do seu réxime interior de acordo a normativa vixente e aos criterios de inspección da Xunta de Galicia.

-- Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias

-- Despois dun análise previo da situación, considérase que a derogación da actual ordenanza e a aprobación dunha nova é a mellor solución regulatoria posible para garantir o correcto desenvolvemento do servizo que presta o P.A.I.; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame
Data: 16/10/25 14:00:07

Exposición: 16/10/25 14:00:07 a ...

En Lousame, na data da sinatura dixital.

O alcalde.

Esteban Ares García.